


COMO NOS GUSTA IR AO TEATRO!

Este ano o alumnado de 2º de bacharelato acompañado dos profesores de lingua galega asistimos a dúas obras tetarais no **Forum Metropolitano**. Eran dúas obras distintas pero cunha característica común, o afán didáctico.



Na primeira obra, *Shakespeare para ignorante*, o dúo **Mofa e Befa** xunto con Quico Cadaval (director da obra) fan un resumo de todas as obras do gran autor inglés.

A obra semella nun primeiro momento unha conferencia na que o dúo humorístico recrea pasaxes da obra de Shakespeare pero axiña nos damos conta de que en realidade se trata dunha comedia.

Con grandes doses de humor e risas aseguradas, a recreación fai unha parodia das grandes novelas deste autor, pero, ao mesmo tempo, poden extraerse boas ensinanzas.

A segunda obra teatral foi *Pelos na lingua*, de **Talía teatro**. Ao igual que a anterior, é unha comedia, pero orientada noutro tema, o das desigualdades e desprezos que sofre o galego.

A obra está estruturada en diferentes escenas con ubicacións distintas (unha tenda, un museo...) e personaxes variadas ás que os autores lles van dando vida..

As historias que recrean son cotiás e o grupo sabe manexalas para que nos paremos a reflexionar sobre o noso idioma

Foi unha experiencia moi enriquecedora a das dúas obras e unha forma amena e divertida de aprender Jorge González López, Juan Chans Veres e Noelia Vázquez Roca, Bach. 2º

A

